

**EXPOSICIÓN**  
**DO 8 AO 30 DE**  
**MARZO**



**CENTRO CULTURAL**  
**FERNANDO DE CASAS E NOVOA**

Rúa da Cultura, nº1

15888 Sigüeiro– Oroso


Tel.: 981 690 903

[www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)

[biblioteca@oroso.gal](mailto:biblioteca@oroso.gal)

**VIII CONCURSO FOTOGRAFÍA**  
**“MULLER TRABALLADORA”**





## VIII CONCURSO FOTOGRAFÍA “MULLER TRABALLADORA”

### BASE PRIMEIRA .- PARTICIPANTES

Poderá presentarse todas as persoas da comarca de Ordes e Santiago de Compostela.

Existirán dúas categorías: xeral (maiores de 16 anos) e infantil (9- 16 anos).

### BASE SEGUNDA .- TEMA

Con motivo do Día Internacional da Muller, no que se conmemora a loita da muller pola súa participación e igualdade de xénero na sociedade e polo seu desenvolvemento íntegro como persoa, convócase este concurso. Centrado no ámbito do traballo, con el preténdese reflectir, a través das imaxes, o traballo das mulleres en calquera eido.

### BASE TERCEIRA .- NÚMERO MÁXIMO DE FOTOGRAFÍAS

O número de fotografías que pode presentar cada participante estará limitado a 3.

### BASE CUARTA .- TAMAÑO E PRESENTACIÓN

O formato das fotografías será de 20x30cm. En papel fotográfico. Admitiranse fotos en cor e en branco e negro quedando prohibido o uso de programas de retoque fotográfico.

As fotografías presentaranse sen montar, sen paspartú, marco nin cristal. Tampouco poderán figurar datos persoais que permitan identificar á persoa autora.

Aquelas fotografías nas que apareza unha persoa identificable, deben contar co consentimento da persoa retratada. (anexo I) A non presentación deste anexo implica a exclusión do concurso.

### BASE QUINTA .- OBRAS

Cada fotografía levará un título escrito por detrás, xunto co pseudónimo que indique o autor ou autora. Nun sobre pechado, co pseudónimo e a categoría á que pertence escritos por fóra, o autor ou autora introducirá os seus datos persoais. (nome e apelidos, NIF, enderezo e teléfono) así como un CD coa fotografía en formato dixital no que figure o título.

### BASE SEXTA .- PRAZO DE RECEPCIÓN DOS TRABALLOS

As fotografías entregaranse na biblioteca municipal no centro cultural Fernando de Casas e Novoa de 09.30h a 13.30h e de 16.30h a 21.00h. O prazo de entrega das obras comezará o día 26 de xaneiro de 2018 e rematará o 26 de febreiro de 2018.

As persoas participantes tamén poderán enviar as fotografías por correo postal dentro do prazo de admisión do parágrafo anterior. Neste caso deberase xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciará a este Concello a remisión das fotografías, mediante fax (981691786) ou telegrama ata o día 26 de febreiro de 2018 ás 21.00 horas.

Sen a concorrencia de ambos os requisitos non serán admitidas as fotografías, se son recibidas por este organismo con posterioridade á data de terminación do prazo.

Porén, logo de transcorrer os 5 días hábiles seguintes á data indicada sen recibirse as fotografías estas non será admitidas en ningún caso.

### BASE SÉTIMA .-PREMIOS

O xurado establecerá tres premios na categoría xeral:

1º Premio: 250 €

2º Premio: 150 €

3º Premio: 100€

A categoría infantil contará con tres premios, consistentes nun vale agasallo que se poderá trocar en establecementos do concello de Oroso

1º Premio: Vale agasallo valorado en 100 €

2º Premio: Vale agasallo valorado en 60 €

3º Premio: Vale agasallo valorado en 40 €

O fallo do xurado darase a coñecer no marco das celebracións do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de ás 19:30 horas no centro cultural Fernando de Casas e

Novoa.

CONCELLO DE  
**Oroso**

### BASE OITAVA.- FALLO DO XURADO

A decisión do xurado será inapelable.

A selección das fotografías realizarase tendo en conta a súa calidade técnica e artística e a súa capacidade de captar a esencia da temática do concurso.

De estimalo oportuno o xurado, todos ou algún dos premios poderían quedar desertos.

Para poder recibir o premio é condición imprescindible estar presente no acto de entrega. No caso de non poder acudir, pódese enviar unha persoa representante, coa autorización expresa do/a titular da fotografía premiada.

### BASE NOVENA.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL ( LOPD)

O Concello de Oroso resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das fotografías, citando sempre o nome da persoa autora, pasando estas a formar parte do patrimonio artístico-cultural do Concello. Todas as fotografías presentadas ao concurso serán expostas ao público no mes de marzo en dependencias municipais. Se a cantidade de obras recibidas excede o número máximo para a súa exhibición, realizarase unha selección previa.

O Concello garante o correcto tratamento dos datos de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).

### BASE DÉCIMA.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación de todas as bases descritas.

A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases.

